

3.3. Prestacións sanitarias e sociais

UN DOS ELEMENTOS MÁIS SALIENTABLES DAS PRESTACIÓNS SOCIOSANITARIAS É A ENTRADA EN VIGOR DA LEI de Promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia (Ley 39/2006, de 16 de diciembre), pola que se crea o Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia. Asemade, cómpre destacar o segundo Plan galego de inclusión social 2007–2013, que presenta entre os seus obxectivos, os de dar un novo impulso á integración e coherencia das políticas activas de inclusión, integrar e completar a estratexia de inclusión social e atención á dependencia, ou o de fomentar a participación das ONGs no desenvolvemento das distintas actuacións.

A estrutura poboacional é un dos elementos condicionantes da evolución e situación actual das prestacións sanitarias e sociais. Dunha banda, cómpre salientar que o 21,6% da poboación galega a un de xaneiro de 2007 tiña 65 ou máis anos, cando no conxunto do Estado esta porcentaxe sitúase no 16,7%. Tendo en conta este maior peso relativo, os datos do **cadro 3.3.1.** reflicten uns índices de envellecemento e sobreenvellecemento superiores aos da media española. O maior índice de dependencia xeral en Galicia ven motivado polo maior índice de dependencia senil (32,6% fronte aos 24,5% en España), xa que o índice de dependencia xuvenil sitúase máis de catro puntos e medio por baixo (24,1% en Galicia e 28,7% en España).

Os presupostos da Xunta do ano 2007 correspondentes á produción de bens públicos de carácter social reflicten que se destinaron a este fin un total de 6.047,4 millóns de euros, un 2,5% máis que no ano anterior. As partidas máis importante foron as de sanidade, que tras unha medra do 7,3% acadou os 3.388,0 millóns de euros, e a de educación, con 2.161,5 millóns de euros, un 8,1% máis que en 2006.

Prestacións sanitarias

A primeira parte do capítulo comeza coa presentación dos dous principais indicadores de saúde, morbilidade e siniestrabilidade, para pasar a continuación ao estudo das prestacións sanitarias do Sergas e ao das prestacións farmacéuticas.

Indicadores demográficos básicos en Galicia e España 2006-07

		1 de xaneiro 2007		1 de xaneiro 2006	
		Galicia	España	Galicia	España
Poboación total	[1]	2.772.534	45.200.737	2.767.524	44.708.964
Poboación menor de 16 anos	[2]	337.329	6.927.730	337.135	6.825.177
Poboación menor de 20 anos	[3]	442.378	8.811.709	445.296	8.720.639
Poboación con idades entre 16 e 64 anos	[4]	1.836.922	30.741.181	1.835.893	30.399.395
Poboación maior de 65 anos	[5]	598.263	7.531.826	594.496	7.484.392
Poboación de 85 e máis anos	[6]	79.631	885.481	77.579	851.624
		(%)			
Índice de vellez	[5] / [1]	21,6	16,7	21,5	16,7
Índice de envellecemento	[5] / [3]	135,2	85,5	133,5	85,8
Índice de sobreenvellecemento	[6] / [5]	13,3	11,8	13,0	11,4
Índice de dependencia xeral	((2)+[5]) / [4]	50,9	47,0	50,7	47,1
Índice de dependencia xuvenil	[3] / [4]	24,1	28,7	24,3	28,7
Índice de dependencia senil	[5] / [4]	32,6	24,5	32,4	24,6
Índice de recambio	[2] / [5]	56,4	92,0	56,7	91,2

Fonte: INE

3.3.1.

Produción de bens públicos de carácter social 2006-07

	2006	2007	07/06
	(en miles de €)		(%)
Sanidade	3.157.137	3.388.010	7,3
Educación	2.001.385	2.161.491	8,0
Vivenda e urbanismo	228.668	189.097	- 17,3
Políticas ambientais	182.457	-	-
Cultura	209.215	141.201	- 32,5
Deportes	-	38.355	-
Outros servizos sociais e comunitarios	120.272	129.229	7,4
Total	5.899.133	6.047.383	2,5

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

3.3.2.

Proxecto de investimentos do Programa de Protección e Promoción da Saúde 2006-07

	2006	2007	07/06
	(en miles de €)		(%)
Loita contra as drogodependencias	2.811,9	4.330,6	54,0
Promoción de estilos de vida saudables	-	1.350,9	-
Seguridade alimentaria	-	935,8	-
Sanidade ambiental	-	625,8	-
Epidemioloxía	-	790,6	-
Coordinación e calidade da saúde pública	-	450,0	-
Prevenção e control de enfermidades transmisibles	3.668,1	3.281,0	-10,6
Programa galego de vacinacións	11.272,8	12.661,2	12,3
Sistemas de información de saúde pública	613,9	-	-
Inspección, calidade e laboratorio saúde pública	2.821,4	2.234,8	-20,8
Programas sanitarios	2.355,6	1.738,6	-26,2
Control de riscos específicos	870,3	-	-
Protección da saúde frente a riscos xerais	1.471,8	-	-
Equipamento informático saúde pública	1.227,0	1.350,0	10,0
Programas poboacionais de cribado	3.119,9	3.359,2	7,7
Programa de prevención e control de enfermidades non transm.	1.185,9	-	-
Total	31.418,6	33.108,6	5,4

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

3.3.3.

Enfermedades de declaración obrigatoria 2006-07

	2006		2007	
	número de casos	taxa/100.000 hab.	número de casos	taxa/100.000 hab.
Enfermedades de transmisión respiratoria				
Gripe	58.005	2.095,9	82.279	2.967,6
Varicela	9.151	330,7	7.528	271,5
Lexionelose	63	2,3	45	1,6
Enf. meningocócica	85	3,1	70	2,5
Enf. invasiva por Hib.	5	0,2	7	0,3
Outras				
Meninxites víricas	404	14,6	175	6,3
F. Botanosa	5	0,2	5	0,2
Enfermedades de transmisión alimentos				
Toxinfeccións alimentarias	487	17,6	293	10,6
Disenteria bacilar	8	0,3	4	0,1
F. tifoidea e paratifoidea	6	0,2	6	0,2
Enfermedades prevenibles inmunización				
Parotidite	1.370	49,5	234	8,4
Rubéola	7	0,3	2	0,1
Tétano	2	0,1	1	0,0
Tose ferina	5	0,2	4	0,1
Hepatite A	21	0,8	5	0,2
Hepatite B	35	1,3	36	1,3
Outras hepatites víricas	91	3,3	68	2,5
Enfermedades transmisión sexual				
Infección gonocócica	93	3,4	96	3,5
Sifilis	84	3,0	131	4,7
Antropozoonoses				
Brucelose	6	0,2	3	0,1
Vixiadas pola OMS				
Paludismo	13	0,5	2	0,1

Fonte: Dirección Xeral de Saúde Pública

3.3.4.

● **Indicadores de saúde**

O importe presupostado para o programa de protección e promoción da saúde rexistrou unha medra do 5,4% sobre o presupostado en 2006, dedicándose un total de 33.108,6 miles de euros. O 38,2% diríxese ao Programa galego de vacinacións (12.661,2 miles de euros), seguíndolle en importancia, no que ao importe se refire, o de “Loita contra as drogodependencias”, que tras unha medra do 54%, acolle o 13,1% do presupostado (4.330,6 miles de euros).

- Morbilidade

A diferenza do acontecido no ano 2006, os resultados obtidos a través do sistema de enfermidades de declaración obrigatoria (EDO) indican o forte incremento do número de casos de **gripe**. Estes crecieron un 41,8%, acadando os 82.279 (case tres mil casos por cada 100.000 habitantes).

Asemade, cómpre salientar o descenso dos casos de **varicela**, con 1.623 casos menos que en 2006, e de parotidite, con 1.136 casos menos que no ano anterior. A varicela sitúase como a segunda enfermidade máis importante en canto ao número de casos, con 7.528, presentando unha incidencia de 271,5 casos por cada cen mil habitantes no ano 2007. En canto á **parotidite**, rexistráronse un total de 234 casos, situándose a súa incidencia nos 8,4 casos por cada 100.000 persoas (**cadro 3.3.4.**).

Un total de 71 novos casos de **sida** foron notificados en 2007, vinte e cinco menos que no ano anterior, o que significa o 8% dos rexistrados no conxunto do Estado (6,2% en 2005). En termos relativos, se en 2006 Galicia e España presentaban unha incidencia similar, con 35 casos por cada millón de habitantes, en 2007 se rexistraron en Galicia un total de 26 casos por millón de habitantes, seis máis que a media estatal.

Tendo en conta os datos acumulados a 31 de decembro de 2007, a vía de transmisión máis frecuente é a de compartir material de inxección para a administración parenteral de drogas (64,1%), o que se confirma tanto en homes como en mulleres (66,2% e 56,9%, respectivamente).

1.1.
1.2.
1.3.
1.4.
1.5.
1.6.
2.1.
2.2.
2.3.
3.1.
3.2.
3.3.
3.4.
3.5.
3.6.
4.1.
4.2.

GRD (1) máis frecuentes nos hospitais do Sergas 2006-07

	2006		2007	
	Episodios	Estadía media	Episodios	Estadía media
Parto sen complicacións	9.511	3,12	9.510	3,09
Trastornos respiratorios agás infeccións, bronquite, asma con cc. maior	7.368	11,69	7.511	11,59
Insuficiencia cardíaca e choque	4.432	9,29	4.353	9,63
Cesárea sen complicacións	3.622	7,22	3.354	6,86
Pr. útero e anexos por ca. in situ e proceso non maligno sen cc.	3.540	5,54	3.371	5,17
Parto con complicacións	3.503	3,55	3.900	3,55
Aborto con dilatación e legrado, aspiración ou histerotomía	2.791	1,95	2.794	2,01
Trastornos cerebrovasculares específicos excepto AIT e hemorraxia intracranial	-	-	-	-
Edema pulmonar e insuficiencia respiratorio	3.562	9,28	4.907	9,41
Enfermidade pulmonar obstrutiva crónica	2.400	9,11	2.347	9,31
Substitución de cadeira agás por complicacións	2.497	12,71	2.339	12,44
Outros diagnósticos anteparto sen complicacións médicas	2.518	2,56	2.145	2,56
ICC e arritmia cardíaca con cc maior	2.218	11,99	2.400	12,45
Outros diagnósticos anteparto con complicacións médicas	2.488	3,35	2.867	3,05
Procedementos hernia inguinal e femoral idade > 17 sen cc.	2.689	2,61	2.308	2,62
Psicose	2.100	21,57	2.112	22,20
Apendicectomía sen diagnóstico principal complicado sen cc.	2.172	4,08	1.677	7,17
Outros diagnósticos de aparello respiratorio con cc	-	-	1.599	9,94
Quimioterapia	1.823	4,02	1.576	4,07
Anxina de peito	1.836	7,83	1.647	8,07
Ictus con infarto	2.719	1,95	2.810	13,38
Gastroenterite non bacteriana e dor abdominal idade <18 sen cc	1.698	3,52	-	-
Procedementos sobre ano e enterostomía sen cc	1.676	2,92	-	-
Dor torácica	1.669	5,33	-	-
Colecistomía laparoscópica sen explorac.conducto biliar sen cc	1.666	4,89	1.657	4,60
Bronquite e asma idade <18 sen cc	1.646	4,92	-	-
Subst. articulac. maior exep. cadeira e reimplante memb. inf., exc.por cc	1.644	12,43	-	-
Neumonía simple e pleurite idade >17 con cc	-	-	1.652	10,15
Procedementos miscelaneos sobre oído, nariz, boca e gorxa	-	-	1.623	2,50
Trastornos do trato biliar sen cc	-	-	1.576	8,61
Outros diagnosticos de aparello respiratorio con cc	-	-	1.599	9,94
Subtotal	73.788	167	73.634	194

(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) e que constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de hospitalización de agudos

(2) Inclúe a actividade de Povisa con financiamento do Sergas

Fonte: Sergas

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.

3.3.5.

No que atinxe á morbilidade hospitalaria, a agrupación das altas hospitalarias en función da súa complexidade (GRD) constitúe o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de hospitalización de agudos. Os partos sen complicacións e os trastornos respiratorios agás infeccións, bronquite, asma con cc. maior seguen sendo os que presentan o maior número de episodios, con 9.510 e 7.511 episodios, respectivamente. As súas estadías medias foron similares ás do ano anterior, con de 3,1 e 11,6 días (**cadro 3.3.5.**).

- Sinistralidade

No concernente á sinistralidade, cómpre diferenciar entre aquela motivada por accidentes de tráfico e os accidentes laborais. No primeiro caso, o **cadro 3.3.6.** amosa unha nova redución do número de vítimas mortais tanto en Galicia coma no conxunto do Estado. No último ano rexistráronse en Galicia un total de 254 persoas falecidas (o 9,3% do total de persoas falecidas en España), o que a sitúa como a quinta Comunidade Autónoma con menor número de vítimas tras Andalucía, Cataluña, Castela e León e a C. Valenciana.

En relación aos accidentes laborais, o **cadro 2.1.23.** [Accidentes de traballo con baixa en xornada de traballo 2006-07: distribución segundo a gravidade, provincias e sector económico] reflicte que o número de accidentes laborais con baixa en Galicia continuou crecendo no último ano ata situarse nos 51.852 accidentes (un 6,8% máis que en 2006).

Máis de dous terzos destes accidentes producíronse nas actividades do sector servizos (17.802 accidentes) e nas ramas industriais (17.660 accidentes); un 25,7% dos sinistros rexistráronse no sector da construción (13.317), e o 6% restante (3.073 accidentes), no sector primario.

Vítimas mortais en estradas nas CC.AA. 2006-07

	2006	2007	07 - 06
Andalucía	565	475	-90
Aragón	145	136	-9
Asturias	64	50	-14
Baleares	78	78	0
Canarias	87	95	8
Cantabria	43	32	-11
Castela-A Mancha	277	236	-41
Castela e León	312	304	-8
Cataluña	356	333	-23
C. Valenciana	292	257	-35
Extremadura	93	93	0
Galicia	268	254	-14
Madrid	178	160	-18
Murcia	95	93	-2
Navarra	44	37	-7
País Vasco	86	70	-16
A Rioxa	32	38	6
Total	3.015	2.741	-274

Fonte: Dirección General de Tráfico

3.3.6.

A meirande parte dos accidentes laborais con baixa rexistrados en 2007 corresponderon a accidentes leves (50.942 accidentes), mentres que tan só un 1,8% (910 accidentes) foron graves ou mortais.

No último ano, o índice de incidencia situouse en Galicia nos 58 accidentes por cada mil traballadores afiliados a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta (catro décimas por riba da media en España), converténdose na sexta C.A. co índice máis elevado. No caso dos accidentes mortais, en Galicia rexistráronse un total de 7,8 accidentes por cada cen mil afiliados a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta (5,1 no conxunto do Estado), estando tan só por baixo do acadado en Cantabria, Castela-A Mancha e Aragón.

● Prestacións do Servizo Galego de Saúde (Sergas)

Analizados xa os aspectos orzamentarios e os programas de gastos do Sergas, neste apartado farase referencia aos datos do número de camas instaladas e funcionantes nos distintos hospitais do Sergas, así como á actividade cirúrxica.

O **cadro 3.3.7.** amosa que os hospitais do Sergas contaban no último ano cun total de 7.124 camas funcionantes, cifra lixeiramente por baixo da rexistrada en 2006, que ascendía a 7.157 camas.

Os hospitais do Sergas rexistraron en 2007, a diferenza do acontecido no ano anterior, un descenso do número de intervencións realizadas, tanto no caso das programadas coma das non programadas. No último ano fixéronse un total de 168.673 intervencións (1.392 menos que no ano anterior), das que o 77,9% (131.349 intervencións) son programadas e as restantes 37.324, son intervencións urxentes.

Todas as provincias galegas, agás Lugo, rexistraron unha caída do número de intervencións realizadas. A Coruña é a que presenta o maior número de intervencións, con 75.086, o 44,5% do total de Galicia, seguida de Pontevedra, con 51.529 intervencións (un 30,5%).

Segundo os datos publicados polo Sergas, o ano 2007 presenta un descenso tanto do número de pacientes na lista de espera estrutural cirúrxica como da súa demora media. A 31 de decembro de 2007 o número de pacientes en lista de espera situábase nas 33.436 persoas, sendo a súa demora media de 84 días (90 días na mesma data do ano anterior). No último ano, un total de 23.117 persoas tiveron unha demora media inferior a tres

1.1.
1.2.
1.3.
1.4.
1.5.
1.6.
2.1.
2.2.
2.3.
3.1.
3.2.
3.3.
3.4.
3.5.
3.6.
4.1.
4.2.

Camas funcionantes nos hospitais do Sergas 2006-07

Hospitais	2006	2007
C.H. Juan Canalejo-Marítimo de Oza	1.489	1.464
F.H. Virxe da Xunqueira	74	74
C.Universitario de Santiago	1.109	1.128
F.H. da Barbanza	85	88
C.H. Arq. Marcide-Novoa Santos	428	403
C.H. Xeral-Calde	735	735
H.C. da Costa	140	140
H.C. de Monforte	137	139
C.H. Ourense	841	819
H.C. de Valdeorras	102	103
F.H. de Verín	79	79
C.H. Pontevedra	603	615
C. H. Universitario de Vigo	1.250	1.250
F.H. Salnés	85	87
Total	7.157	7.124

Fonte: Sergas

3.3.7.

Actividade cirúrxica nos hospitais do Sergas 2006-2007

	2006			2007		
	Total	Intervencións programadas	Intervencións non programadas	Total	Intervencións programadas	Intervencións non programadas
A Coruña	75.549	61.645	13.904	75.086	61.335	13.751
Lugo	22.039	16.459	5.580	22.934	17.400	5.534
Ourense	19.852	14.512	5.340	19.124	13.874	5.250
Pontevedra	52.625	39.560	13.065	51.529	38.740	12.789
Total	170.065	132.176	37.889	168.673	131.349	37.324

Fonte: Sergas

3.3.8.

Doazóns e transplantes de órganos e tecidos 2006-07

	2006	2007	07/06
			(%)
Doantes de órganos	92	81	-12,0
Transplantes de órganos	248	246	-0,8
Transplante renal	112	96	-14,3
Transplante hepático	83	89	7,2
Transplante cardíaco	25	21	-16,0
Transplante pulmonar	23	35	52,2
Transplante pancreático	5	5	0,0
Transplantes de tecidos	1.064	925	-13,1
Trans. progenitos hematopoyético	106	105	-0,9
Transplante córneas	154	129	-16,2
Transplante oso	699	603	-13,7
Transplante vasos sanguíneos	26	13	-50,0
Transplante válvulas cardíacas	8	17	112,5
Cult.condrocitos	9	5	0,0
Transplante membrana amn.	62	53	-14,5

Fonte: Sergas, Oficina de Coordinación de Transplantes

3.3.9.

meses, mentres que entre tres e seis meses esperan un total de 7.238 persoas, sendo a demora media superior a seis meses para 3.081 pacientes.

Xunto a esta lista de espera estrutural hai que considerar que un total de 226.646 pacientes atópanse en cola de programación de consultas médicas iniciais, sendo a súa demora media de 71 días (74 días en 2006).

• Transplantes e doazóns

O número de transplantes de órganos en Galicia mantívose practicamente constante ao longo do ano 2006, acadando os 246 transplantes (dous menos que no ano precedente). Entre estes, cómpre salientar o predominio dos transplantes de ril (96) e fígado (89), realizándose 35 de pulmón, 21 de corazón e 5 de páncreas.

Tralo forte incremento experimentado en 2006, o número de transplantes de tecidos descendeu no último ano ata os 925, un 13,1% menos que no ano anterior. Ao igual que en anos anteriores, predominan os transplantes de oso, con 603, e os transplantes de córneas, con 129 (**cadro 3.3.9**).

En canto ás doazóns, no ano 2006 o número de doazóns foi de 81, un 15% máis que no ano anterior (11 doazóns menos).

• Prestacións farmacéuticas

O custo da prestación farmacéutica medrou en 2007 un 6,1% respecto ao ano anterior, acadando os 1.043,9 millóns de euros. A meirande parte do gasto corresponde á receta médica oficial, con 813,6 millóns de euros (un 4,2% máis que en 2006), e os 230,3 millóns restantes (un 13,4% máis), ao custo nos hospitais (**cadro 3.3.10**).

No concernente á prestación farmacéutica en atención primaria, o custo da prestación por cidadán, sen incluír o desconto RD 2.402/2004, medrou no último ano un 3,9% respecto ao ano anterior, acadando os 312,89 euros en 2007. O gasto farmacéutico medio por pensionista experimentou un crecemento do 7,2%, en relación ao 2006, situándose nos 817,99 euros.

O número de receitas dispensadas ascendeu no último ano a 57.153 miles de receitas, das que as persoas pensionistas facturaron un total de 41.589 miles de receitas. O custo medio por receita en Galicia mantense practicamente constante, siuándose nos 14,95 euros do ano 2007 fronte aos 15,01 euros do ano anterior.

Atendendo á desagregación do custo do custo farmacéutico en atención primaria por provincias, o **cadro 3.3.12** reflicte que é a A Coruña a que presenta un maior gasto farmacéutico, con 311,2 millóns de euros, seguida de Pontevedra con 254,3 millóns. Tendo en conta o número de receitas, o custo da prestación farmacéutica por receita, incluíndo o desconto RD 2.402/2004, foi de 14,24 euros en Galicia (14,31 euros en 2006). As provincias de Lugo e Ourense seguen sendo as que presentan os custos máis elevados, con 14,67 e 14,57 euros. En Pontevedra, o custo farmacéutico por receita ascendeu a 14,33 euros, e en A Coruña, a 13,87 euros.

Respecto ao custo da **prestación farmacéutica en hospitais**, dos 230,3 millóns de euros totais, o 73,4% (169,2 millóns) corresponde a pacientes non hospitalizados, e o 26,6% restante, 61,2 millóns de euros, corresponden a pacientes hospitalizados. Comparado co ano anterior, o **cadro 3.3.13** amosa que o custo da prestación farmacéutica en pacientes non hospitalizados medrou máis dun 20%, en tanto que no caso dos pacientes hospitalizados, o seu custo descendeu un 2,2%.

1.1.
1.2.
1.3.
1.4.
1.5.
1.6.
2.1.
2.2.
2.3.
3.1.
3.2.
3.3.
3.4.
3.5.
3.6.
4.1.
4.2.

Custo da prestación farmacéutica 2006-07

	2006	2007	07/06
	<i>(en miles de €)</i>		<i>(%)</i>
Galicia			
Receta médica oficial	781.128,7	813.587,6	4,2
Hospitals	203.193,5	230.322,9	13,4
Total	984.322,2	1.043.910,5	6,1

(1) Inclúe o desconto do RD 2.402/2004

Fonte: Sergas, División de Farmacia e Produtos Sanitarios

3.3.10.

Prestación farmacéutica en atención primaria 2006-07

	2006	2007	07/06
	<i>(en miles)</i>		<i>(%)</i>
Recetas dispensadas			
Activos	54.569	57.153	4,7
Pensionistas	39.701	41.589	4,8
Custo por receita (1)			
Activos	15,01	14,95	-0,4
Pensionistas	10,75	10,78	0,3
Pensionistas	16,60	16,51	-0,5
Custo/cidadán da prestación (1)			
Activos	301,05	312,89	3,9
Pensionistas	86,11	88,71	3,0
Pensionistas	762,70	817,99	7,2
Custo da prestación farmacéutica (1)			
Activos	818,9	854,6	4,4
Pensionistas	159,8	167,8	5,0
Pensionistas	659,1	686,8	4,2

(1) Non se inclúe o desconto do RD 2.402/2004

Fonte: Sergas, División de Farmacia e Produtos Sanitarios

3.3.11.

Custo da prestación farmacéutica en receita médica oficial 2006-07

	Gasto (1)			Recetas			Gasto/receita		
	2006	2007	07/06	2006	2007	07/06	2006	2007	07/06
	<i>(en miles de €)</i>		<i>(%)</i>	<i>(en miles de €)</i>		<i>(%)</i>	<i>(en €)</i>		<i>(%)</i>
A Coruña	300.286,8	311.189,3	3,6	21.473.398	22.432.527	4,5	13,98	13,87	-0,8
Lugo	122.729,4	127.441,3	3,8	8.266.728	8.688.211	5,1	14,85	14,67	-1,2
Ourense	114.554,1	120.677,2	5,3	7.881.237	8.283.039	5,1	14,54	14,57	0,2
Pontevedra	243.558,4	254.279,9	4,4	16.948.118	17.749.195	4,7	14,37	14,33	-0,3
Total	781.128,7	813.587,7	4,2	54.569.481	57.152.972	4,7	14,31	14,24	-0,6

(1) Inclúese o desconto do RD 2.402/2004

Fonte: Sergas, División de Farmacia e Produtos Sanitarios

3.3.12.

Custo da prestación farmacéutica en hospitais 2006-07

	2006	2007	07/06
	<i>(en millóns de €)</i>		<i>(%)</i>
Pacientes hospitalizados	62,5	61,2	- 2,2
Pacientes non hospitalizados	140,6	169,2	20,3
Total	203,1	230,3	13,4

Fonte: Sergas, División de Farmacia e Produtos Sanitarios

3.3.13.

Valoracións e ditámes da situación de dependencia nas CC.AA. 2007

	Solicitudes		Valoracións realizadas		Ditámes		Grado III	
	(número)	(%)	(número)	(%)	(número)	(%)	(número)	(%)
Andalucía	104.959	36	75.704	72	62.424	59	48.752	78
Aragón	13.322	5	10.426	78	8.838	66	7.900	89
Asturias	14.596	5	5.157	35	3.737	26	3.737	100
Baleares	8.733	3	417	5	417	5	417	100
Canarias	10.140	4	6.599	65	2.697	27	2.178	81
Cantabria	6.319	2	974	15	974	15	974	100
Castela e León	2.720	1	2.720	100	2.720	100	2.720	100
Castela-A Mancha	17.907	6	13.768	77	8.756	49	7.348	84
Cataluña	32.358	11	24.749	76	24.749	76	22.547	91
C. Valenciana	10.163	4	7.035	69	6.999	69	6.996	100
Estremadura	7.172	2	5.767	80	5.292	74	3.262	62
Galicia	30.088	10	6.510	22	6.510	22	5.139	79
Madrid	1.794	1	1.794	100	1.572	88	1.155	73
Murcia	4.040	1	4.040	100	4.040	100	4.040	100
Navarra	12.600	4	10.042	80	9.581	76	3.970	41
País Vasco	6.754	2	6.754	100	6.754	100	6.754	100
A Ríoxa	3.660	1	1.178	32	2.141	58	1.616	75
Ceuta e Melilla	1.315	0	1.003	76	1.067	81	525	49
Total	288.640	100	184.637	64	159.268	55	130.030	82

Fonte: CES España a partir de datos do IMSERSO

3.3.14.

Prestacións sociais

Un dos aspectos máis salientables do sistema de protección social en 2007 ven dado pola entrada en vigor do **Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia**, que regula as condicións básicas que garanten a igualdade no exercicio do dereito subxectivo de cidadanía á promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, coa colaboración e participación de todas as Administracións públicas. A Lei estatal 39/2006, de 16 de decembro, establece que a Administración Xeral do Estado asegurará un contido mínimo común de dereitos para todos os cidadáns con independencia do seu lugar de residencia.

O RD 504/2007, de 20 de abril, polo que se aproba o baremo de valoración da situación de dependencia establecido pola Lei 39/2006, establece tres grados de dependencia, divididos en dous niveis segundo a autonomía e atención e coidado que require a persoa: Grado I de dependencia moderada, se ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal; Grado II de dependencia severa, se ten necesidade de apoio extenso para a súa autonomía persoal, e Grado III de gran dependencia, se pola súa perda de total autonomía necesita o apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeneralizado par a súa autonomía persoal. A Lei prevé un período de oito anos para a súa plena efectividade, e ata o ano 2015 se irán incorporando as distintas situacións contempladas polo baremo.

A 20 de xaneiro de 2008, un ano despois da entrada en vigor da devandita Lei, en Galicia se tiña presentado un total de 5.139 solicitudes recoñecidas do grado III. O ritmo de funcionamento experimentou un importante crecemento unha vez comezado o ano 2008, xa que a 24 de febreiro dese ano, as solicitudes presentadas eran 30.088, o 10,4% do total estatal. Galicia presenta unha das porcentaxes de valoración e emisión de ditámes máis baixos, cun 21,6%, cando no conxunto do Estado estas porcentaxes son do 64% e 55,2%, respectivamente. Pola contra, no que atinxe ao recoñecemento da categoría de grado III de dependencia, a porcentaxe de solicitudes tramitadas e ditaminadas foi do 79% en Galicia, 2,6 puntos porcentuais inferior á media española.

Ademais da devandita Lei, cómpre salientar que no ano 2007 entrou tamén en vigor en Galicia o segundo **Plan Galego de Inclusión Social 2007-13**, que presenta como obxectivos os de dar un novo impulso á integración e coherencia das políticas activas de inclusión; mellorar a súa cobertura territorial, as dotacións materiais e a coordinación; integrar e complementar a estratexia de inclusión social e de atención á dependencia, especialmente nas áreas territorialmente máis deprimidas; incidir na mellora da inclusión social de colectivos e grupos cronicamente vulnerables; e fomentar a participación das

II Plan Galego de Inclusión Social 2007-2013

Obxectivos:

- Dar un novo impulso á integración e coherencia das políticas activas de inclusión a través da rede de servizos sociais de atención primaria nos concellos galegos e dos dispositivos da RISGA.
- Mellorar a cobertura territorial, as dotacións materiais e a coordinación a través da participación do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar.
- Integrar e complementar a estratexia da inclusión social e de atención á dependencia, especialmente nas áreas territorialmente deprimidas.
- Incidir na mellora da inclusión social de colectivos e grupos cronicamente vulnerables: comunidade xitana, persoas sen fogar, ...
- Fomentar a participación das organizacións de solidariedade e iniciativa social (ONGs) no desenvolvemento das actuacións.

Estes obxectivos se desenvolven a través de tres grandes **eixes de acción**:

- Activación de dispositivos propios de recursos humanos e técnicos, estratéxicamente distribuídos ao longo do territorio e que garantan a coordinación operativa dos tres subsistemas de servizos sociais: atención primaria, dispositivos RISGA e o propio Plan de Inclusión.
- Coordinación e transversalidade: vivenda, traballo, educación, sanidade, medio rural, inmigración ...
- Accións positivas con colectivos e territorios vulnerables: articulación e integración de plans específicos.

O Plan presenta oito **liñas estratéxicas** ou grandes áreas de actuación, das que as sete primeiras corresponden ás súas liñas específicas de actuación, e a oitava, á revisión e mellora do sistema de rendas mínimas.

- Rede de equipos de inclusión.
- Programas integrais de incidencia no medio rural: inclusión e autonomía persoal.
- Plan Galego de Convivencia Intercultural, Inclusión e Desenvolvemento da Comunidade Xitana.
- Programa de atención a persoas sen teito e situación de exclusión e pobreza cronicada.
- Prevención da exclusión en áreas urbanas de risco social mediante plans comunitarios.
- Accións sociais e formativos con persoas con discapacidade.
- Módulo xove en centros penitenciarios.
- Revisión e mellora do sistema de rendas mínimas para a inclusión social.

1.1.
1.2.
1.3.
1.4.
1.5.
1.6.
2.1.
2.2.
2.3.
3.1.
3.2.
3.3.
3.4.
3.5.
3.6.
4.1.
4.2.

Orzamento do II Plan Galego de Inclusión Social 2007: distribución segundo liñas estratéxicas

	(en euros)	(%)
Rede de equipos de inclusión	3.726.021,00	13,6
Programas integrais de incidencia no medio rural	300.000,00	1,1
Plan galego de desenvolvemento da comunidade xitana	800.000,00	2,9
Programa de atención a persoas "sen teito" e situacións de exclusión e pobreza cronicada	400.000,00	1,5
Prevenção da exclusión en áreas urbanas de risco social mediante plans comunitarios	300.000,00	1,1
Accións sociais e formativas con persoas con discapacidade	600.000,00	2,2
Módulo xove en centros penitenciarios	120.000,00	0,4
Total liñas específicas do Plan	6.246.021,00	22,8
Revisión e mellora do sistema de rendas mínimas	21.100.000,00	77,2
Total actuacións 2007	27.346.021,00	100

Fonte: Xunta de Galicia

3.3.15.

Centros prestadores de servizos sociais 2007

	Centros				Total	Prazas
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		
Centros para a familia	222	67	71	175	535	-
Centros de atención á infancia	200	50	53	136	439	-
Centros de menores	22	17	17	38	94	-
Residencias de tempo libre	-	-	1	1	2	-
Centros para a xuventude	12	9	3	11	35	1.059
Albergues xuvenís	2	2	-	1	5	744
Campamentos xuvenís	3	2	1	3	9	-
Casas da xuventude	5	3	1	5	14	-
Oficinas locais de xuventude	1	-	-	1	2	-
Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil	1	-	-	-	1	-
Residencias xuvenís	-	2	1	1	4	315
Centros para maiores	34	23	31	32	120	5.987
Residencias públicas da Rede da Xunta de Galicia	10	6	6	6	28	3.826
Residencias con concerto de prazas	11	11	20	15	57	1.605
Apartamentos tutelados	-	1	-	-	1	-
Centros de día da Rede da Xunta	3	1	1	2	7	137
Centros de día do Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar	5	2	3	5	15	419
Fogares	4	1	1	2	8	-
Centros sociais integrados en residencias	1	1	-	2	4	-
Centros para persoas con discapacidade	3	2	9	3	17	-
Centros da Rede da Xunta de Galicia	1	1	-	2	4	-
Centros con concerto de prazas	2	1	9	1	13	-
Centros para atención ás mulleres	59	19	22	37	137	-
SGL. Punto de coordinación das ordes de protección ás vítimas de violencia doméstica	1	-	-	-	1	-
Teléfono da muller 24 horas	1	-	-	-	1	-
Centros de informacións mulleres (CIM)	27	12	13	25	77	-
Centros de coordinación dos programas de atención especializada a mulleres separadas e divorciadas	1	1	-	-	2	-
Centros de acollida e vivendas tuteladas para mulleres vítimas de maltrato	6	2	2	3	13	-
Centros de día para mulleres que exercen a prostitución	3	1	1	2	7	-
Unidades móbiles para a atención de mulleres que exercen a prostitución	2	-	-	1	3	-
Residencias de adolescentes embarazadas	-	1	-	2	3	-
Centros de información dos programas de atención a mulleres soas con cargas familiares	1	1	1	1	4	-
Centros de información dos programas de atención a mulleres anciás soas	1	-	3	1	5	-
Centros de información do programa de atención a mulleres reclusas	3	-	1	-	4	-
Centros de información do programa de atención a mulleres de etnias minoritarias	1	-	-	1	2	-
Centros de información do programa de atención a mulleres inmigrantes	3	-	-	-	3	-
Centros de información do programa de atención a mulleres discapacitadas	3	-	-	-	3	-
Centros de información e asesoramento para mulleres emprendedoras	3	1	1	1	6	-
Atención psicolóxica a mulleres, menores e outras persoas dependentes delas, vítimas de violencia/maltrato	1	-	-	-	1	-
Atención psicolóxica a homes con problemas de control e violencia no ámbito familiar	1	-	-	-	1	-
Reeducación de maltratadores de xénero	1	-	-	-	1	-
Oficinas de igualdade e benestar	3	2	2	4	11	-
Total	333	122	138	262	855	7.046

Fonte: Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, Directorio de centros

3.3.16.

Garderías con permiso de inicio en Galicia en 2006-07: distribución segundo provincia e titularidade

A 31 de decembro de 2006					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Centros con permiso de inicio	178	36	41	126	381
Públicos	53	17	11	37	118
Privados	125	19	30	89	263
Prazas teóricas	5.317	1.255	1.016	4.497	12.085
Públicos	1.851	821	396	1.731	4.799
Privados	3.466	434	620	2.766	7.286
Prazas / Centros	30	35	25	36	32
Públicos	35	48	36	47	41
Privados	28	23	21	31	28

A 31 de decembro de 2007					
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Centros con permiso de inicio	193	40	42	136	411
Públicos	62	21	12	40	135
Privados	131	19	30	96	276
Prazas teóricas	5.946	1.310	1.016	4.875	13.147
Públicos	3.309	876	396	1.802	6.383
Privados	2.637	434	620	3.073	6.764
Prazas / Centros	31	33	24	36	32
Públicos	53	42	33	45	47
Privados	20	23	21	32	25

(1) Datos actualizados a octubre de 2008

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar

1.1.

3.3.17.

1.2.

1.3.

1.4.

ONGs no desenvolvemento das actuacións. O orzamento total para este Plan ascende a 181 millóns de euros, dos que 27,3 millóns corresponden a este primeiro ano do Plan. En 2007, a partida máis importante destinouse á revisión e mellora do sistema de rendas mínimas, cun importe total de 21,1 millóns de euros.

1.5.

O **cadro 3.3.16.** amosa que en 2007 había un total de 855 centros prestadores de servizos sociais, dos que 535 corresponden a centros para a familia, fundamentalmente centros de atención á infancia, 137 a centros para a atención ás mulleres e 120, a centros para maiores.

1.6.

2.1.

- **Servizos de asistencia a maiores**

2.2.

Un aspecto importante a ter en conta á hora de analizar as prestacións sociais é a consideración da atención ás persoas maiores dependentes. En termos relativos, os datos do Padrón municipal de habitantes amosan que Galicia acolle o 7,9% das persoas maiores de 65 anos en España e o 8,9% das persoas maiores de 85 anos.

2.3.

3.1.

En 2007 había en Galicia un total de 120 centros para maiores, que ofertaban 5.897 prazas (3.826 corresponden a residencias públicas da Rede da Xunta de Galicia). Tendo en conta que a poboación maior de 65 anos supera as 600.000 persoas (21,7% da poboación galega), o índice de cobertura do conxunto de servizos de asistencia a maiores situouse no 0,99 prazas por cada 100 persoas maiores de 65 anos.

3.2.

3.3.

3.4.

Na provincia de Ourense este índice situouse no 1,17 sendo o máis baixo o de A Coruña, con 0,86. En Lugo e Pontevedra esta ratio acadou uns valores de 1,08 e 1,03 prazas, respectivamente.

3.5.

3.6.

- **Garderías**

4.1.

O número total de centros con permiso de inicio en 2007 ascendeu a 411, acadando as prazas potenciais a 13.147, o que implica un total de 32 prazas por centro. Os datos do **cadro 3.3.17.** amosan que as 276 entidades de iniciativa privada ofertan 6.764 prazas, o

4.2.

51,4% das prazas nas garderías galegas, mentres que os 135 centros públicos ofertan 6.383 prazas.

Comparado co ano anterior, cómpre salientar o importante crecemento rexistrado no caso das prazas das garderías públicas. En 2007 hai 17 centros con permiso de inicio máis que en 2006, medrando o número de prazas en case 1.600, un 33% máis que no ano precedente. Por contra, o número de prazas nos centros públicos descendeu un 7,2%, 522 prazas menos que en 2006.

No ano 2007 puxéronse en marcha as denominadas **galescolas**, xestionadas polo Consorcio galego de servizos de igualdade e benestar. A 31 de decembro dese ano estaban en funcionamento 14 galescolas, sendo o número de prazas ofertadas de 549.

Atendendo á ratio prazas ofertadas por centro, as entidades de iniciativa privada acolllen un total de 25 prazas, en tanto que os centros de titularidade pública ofertan 47 prazas por centro. ■

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.